



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Practicum II		Código	652G01035
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	36
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos	Para matricularse no Practicum II é necesario ter superados 120 créditos e mais o Practicum I			
Departamento	Composición Didácticas Específicas Filosofía e Métodos de Investigación en Educación Pedagogía e Didáctica Psicoloxía Psicoloxía Evolutiva e da Educación			
Coordinación	Suarez Brandariz, Roberto	Correo electrónico	r.sbrandariz@udc.es	
Profesorado		Correo electrónico		
Web	<a href="http://www.educacion.udc.es/index.php?pagina=practicum">www.educacion.udc.es/index.php?pagina=practicum</a>			
Descripción xeral	<p><b>CORREO-E:</b> <a href="mailto:practicum.educacion@udc.es">practicum.educacion@udc.es</a></p> <p><b>CRÉDITOS E PRESENCIALIDADE</b></p> <p>Dos 36 créditos da materia (900 horas), o 48,8% son de carácter presencial (440 horas) e o 51,1% de carácter non-presencial ou de traballo autónomo (460 horas).</p> <p>Das 440 horas de carácter presencial, 420 horas desenvolveranse nas institucións colaboradoras (30 horas semanais), e as 20 horas restantes dedicaranse a sesións informativas e formativas, así coma a titorías na Facultade.</p> <p>O Practicum II constitúe a única materia a cursar no primeiro cuatrimestre do cuarto curso.</p> <p><b>CONTEXTUALIZACIÓN</b></p> <p>No curso 2009/10 iniciabamos o proceso de implantación duns novos plans de estudo acordes cos requisitos do Espazo Europeo de Educación Superior, posto en marcha no ano 1999 coa Declaración de Bolonia. Esta declaración salientaba a importancia de reforzar o trinomio investigación-innovación-educación, para o que se propoñía como un fin básico mellorar a formación nos contextos das diferentes prácticas profesionais que a nosa lexislación recolle do seguinte xeito:</p> <p>?Os títulos de grao teñen como finalidade a obtención por parte do alumnado dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional? (art. 9.1), de tal maneira que considera a posibilidade de establecer prácticas externas que virán ?reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecer a formación? [e] proporcionar un coñecemento máis profundo acerca das competencias que necesitará? (preámbulo do RD 1393/2007, de 29 de outubro, de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais).</p> <p>O propósito central da materia denominada Practicum non será só poñer en relación a formación adquirida cos diferentes contextos profesionais propios da educación do século XXI, para facilitar que o estudiantado tome conciencia dos aspectos básicos das prácticas profesionais. Tamén se lle asignará un papel chave na formulación de problemas e cuestións importantes necesarias á hora da investigación, co obxecto de situar a práctica profesional no centro da formación e como elemento para ter en conta na organización do currículo. Trátase de que a reflexión sobre a práctica converte esa experiencia en fonte de aprendizaxe, incremente a capacidade de aprender con autonomía e potencie a aprendizaxe reflexiva para avanzar na construcción do propio coñecemento, tomar decisións, innovar, buscar recursos e traballar en rede, competencias básicas para as novas titulacións de grao que responden ás esixencias da educación do século XXI.</p>			

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

## Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer a organización dos centros en que se imparte educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento	A19 A20 A31 A66		
Participar na actividade docente e aprender a saber facer, reflexionando desde e sobre a práctica, e asumindo a necesidad de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagógicos e sociais	A23 A63 A65  B1 B3 B8 B9 B15 B17	B1 B3 B8 B9 B15 B17	C4
Participar nas propostas de mellora e innovación nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro	A23 A64		C4 C7
Promover e facilitar a aprendizaxe na primeira infancia, desde unha perspectiva global e integradora das súas diferentes dimensións (cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva)	A5 A19 A21 A60 A61  B2 B4 B5 B7 B8 B12	B2 B4 B5 B7 B8 B12	C4 C7
Deseñar e planificar proxectos de aprendizaxe que atendan ás singularidades educativas das crianças, a igualdade de xénero, a equidade e o respecto dos dereitos humanos e do medio	A21 A30	B12 B24	C4
Adquirir coñecemento práctico da aula e da xestión de recursos, espazos, tempos e agrupamentos	A59		
Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación na aula demostrando as destrezas necesarias para favorecer un clima de aprendizaxe e convivencia	A6 A60 A65	B23 C1 C3 C4	
Desenvolver destrezas e estratexias de seguimento e xestión do proceso de ensino e aprendizaxe en contextos de diversidade	A61	B24	
Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa, e desenvolver habilidades de traballo colaborativo e autónomo	A12 A29 A32 A66	B5 B16 B18	
Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro, aplicando un pensamento crítico, lóxico e creativo	A62  B3 B14	C7 C8	

Contidos	
Temas	Subtemas
Incidencia da organización das institucións educativas no funcionamento das aulas de educación infantil	- Repercusións na vida das aulas da estrutura e organización do centro. - Aspectos do funcionamento do centro a ter en conta á hora da programación docente. -Cultura de centro vs. cultura de aula.
A concreción do currículo da educación infantil de acordo coas características dos contextos e das culturas dos destinatarios	- Grao de conherencia e contextualización dos diferentes documentos do centro: Decreto de currículo, programación de ciclo e programación de aula. - O currículo como proxecto formativo, integrado e emancipador: as unidades didácticas, os centros de interese, os proxectos de aprendizaxe, etc.
A planificación didáctica e o deseño de unidades e proxectos de aprendizaxe comprensivos, globalizados e favorecedores do desenvolvemento integral das persoas	-O deseño disciplinar e interdisciplinar na educación infantil. -O deseño de proxectos de aprendizaxe contextualizados nos intereses do alumnado e que promovan a sostibilidade. -A planificación de tarefa simples e complexas atendendo á diversidade presente na aula.



O desenvolvemento curricular na aula de educación infantil como marco de referencia para a aprendizaxe ao longo da vida	<ul style="list-style-type: none"><li>- Principios de procedemento didácticos para a organización da vida na aula</li><li>- Culturas escolares e procesos de comunicación emerxentes nas aulas</li><li>- Usos críticos dos recursos e materiais curriculares na educación infantil</li><li>- A titoría (individual/grupal) como elemento dinamizador e de conexión entre os centros e as familias</li><li>- A avaliación de aprendizaxes como avaliación educativa e auténtica</li></ul>
A reflexión sobre a práctica realizada (observación e intervención) como ferramenta para a innovación e a mellora	<ul style="list-style-type: none"><li>- O interese pola avaliación do currículo deseñado e desenvolvido</li><li>- Deseño de técnicas e estratexias de recollida de información para a reflexión sobre a práctica tomando como referencia os discursos dos mestres e dos alumnos</li><li>- A elaboración de informes científicos portadores de liñas de mellora contextualizadas</li></ul>

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Portafolios do alumno	A31 A62 A64 A66 B1 B3 B4 B9 B14 B17 C4 C7 C8	0	400	400
Análise de fontes documentais	A30 A31 A62 A64 A66	0	60	60
Eventos científicos e/ou divulgativos	A20 A29 A60 A62 A66 B3 B15 B16 B18	8	0	8
Seminario	A20 A29 A60 A62 B1 B3 B5 B9 B17 B18 C4 C7	10	0	10
Saídas de campo	A5 A6 A12 A19 A20 A21 A23 A29 A30 A32 A59 A60 A61 A63 A65 B2 B5 B7 B8 B12 B15 B16 B18 B23 B24 C1 C3 C4 C7	420	0	420
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Portafolios do alumno	É un cartafol ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado no Practicum ou o seu rexistro. O portafolios inclúe todo o que fai cada alumno/a, como apuntamentos ou notas, traballos, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumos, autoavaliamientos, tarefas desenvolvidas, comentarios do seu progreso realizados polos titores etc.
Análise de fontes documentais	Empregaranse documentos bibliográficos relevantes sobre os diferentes contidos a que o Practicum II dá prioridade, como base para a análise e a reflexión sobre a diversidade de experiencias con que se entre en contacto nas institución educativas. É imprescindible entender a relación teoría-práctica e atender aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento da intervención educativa, co obxecto de favorecer a construcción dunha visión crítica das distintas formas de interpretar a realidade educativa.

Eventos científicos e/ou divulgativos	O alumnado asistirá a un evento científico e/ou divulgativo de profesionais e expertos no ámbito da Educación Infantil, que presentarán experiencias innovadoras desenvoltas nesta etapa educativa. A realización destes eventos dependerá da existencia do orzamento necesario.
Seminario	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Sesión informativa inicial (2 horas). Información xeral para comentar e precisar a Guía docente, así como as pautas de carácter xeral, e orientar o alumnado acerca da súa decisión á hora de elixir institución colaboradora. Tamén se explicarán as funcións das diferentes persoas que van a titorizar o Practicum.</li> <li>2. Selección de centro (2 horas).</li> <li>3. Tres seminarios de titoría durante o Prácticum co profesorado titor (6 horas). <ul style="list-style-type: none"> <li>- Antes de incorporarse ao centro de prácticas o profesorado de Practicum, na data que se establecer, orientará o alumnado que titoriza cando menos sobre as seguintes cuestións: documentos que debe incluír no portafolios, lecturas imprescindibles e datas de entrega dos traballos solicitados, cronograma dos seminarios e calquera outra suxestión que estimar oportuna.</li> <li>- Durante a realización do Practicum terá lugar a posta en común do traballo feito ata o momento polo alumnado asignado a unha mesmo/a titor/a co fin de revisar a planificación proposta, formular e resolver as posibles necesidades e/ou conflitos percibidos. Trátase de seleccionar e analizar conxuntamente situacións ou procesos representativos do decorrer da práctica profesional. Tamén se comentarán os textos ou documentos seleccionados para este fin.</li> <li>- Ao finalizar a estadía no centro, de seguimento para responder as dúbihdas do alumnado que se titoriza no tocante aos documentos solicitados.</li> </ul> </li> </ol>
Saídas de campo	Constitúen as prácticas pedagógicas: 420 horas de permanencia na institución educativa durante as cales se realizarán tarefas de observación, análise de casos, colaboración en accións educativas cos profesionais da propia institución etc. Así mesmo realizarase o deseño dun proxecto de aprendizaxe que se desenvolverá e avaliará na súa totalidade, ou en parte, segundo o determine o titor/a da institución.

#### Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Saídas de campo	- O titor/a do centro supervisará e orientará o traballo de observación e recollida de información do alumnado durante a súa permanencia no centro.
Portafolios do alumno	
Análise de fontes documentais	- O/a Titor/a da Facultade realizará un primeiro contacto obligatorio, previo á incorporación do alumnado ao centro. Este contacto servirá para constatar a recepción da documentación, comunicar a incorporación do alumnado e ultimar os trámites e acordos que foren necesarios.
Seminario	<ul style="list-style-type: none"> <li>-O/a Titor/a da Facultade realizará os contactos que estime oportunos e necesarios co titor/a do centro durante o período do Practicum para o mellor desenvolvemento do mesmo.</li> <li>- Un dos contactos co centro terá obligatoriamente forma de visita.</li> <li>- Alén dos seminarios de seguimento do Practicum, o profesorado titor da Facultade estará dispoñible no horario de titorías.</li> </ul>

#### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación



Saídas de campo	A5 A6 A12 A19 A20 A21 A23 A29 A30 A32 A59 A60 A61 A63 A65 B2 B5 B7 B8 B12 B15 B16 B18 B23 B24 C1 C3 C4 C7	O/a titor/a da institución colaboradora realizará a avaliación da implicación e actuación do alumnado no centro/aula.	40
Portafolios do alumno	A31 A62 A64 A66 B1 B3 B4 B9 B14 B17 C4 C7 C8	O/a titor/a da Facultade realizará a avaliación do contido do portafolios cos seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none"><li>-Capacidade de relación teoría-práctica</li><li>- Dominio conceptual e capacidade analítica</li><li>- Capacidad para relacionar ideas e accións</li><li>- Capacidad de argumentar e fundamentar</li><li>- Expresión escrita propia e claridade expositiva</li><li>- Capacidad de descripción de escenarios, situacións e accións</li><li>- Capacidad de autoavaliación e autocriticidade</li></ul> Orixinalidade da proposta	40
Eventos científicos e/ou divulgativos	A20 A29 A60 A62 A66 B3 B15 B16 B18	O/a titor/a da Facultade avaliará a participación do alumnado ao evento científico e/ou divulgativo cos seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none"><li>- Asistencia a todas as sesións.</li><li>-Calidade das achegas á hora de expoñer o contido das diferentes sesións así como a pertinencia e madurez das reflexión persoais ao respecto.</li></ul>	10
Seminario	A20 A29 A60 A62 B1 B3 B5 B9 B17 B18 C4 C7	O/a titor/a da Facultade avaliará a participación do alumnado nos seminarios cos seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none"><li>- Asistencia a todas as sesións presenciais</li><li>- Calidade das achegas á hora de expresar dúbidas razonables, expoñer ideas enriquecedoras e compartir experiencias de interese etc.</li></ul>	10

#### Observacións avaliación

a) Requisitos para superar a materia:

1. Para aprobar a materia será necesario superar os seguintes elementos da avaliação: prácticas pedagógicas e portafolios.

b) Elementos da avaliação que se poden recuperar na segunda oportunidade de avaliação (xullo):

1. As prácticas pedagógicas non poden recuperarse, polo que a cualificación obtida nas mesmas na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo. Isto supón que un suspenso nas mesmas na oportunidade de xuño implica a non superación da materia.
2. Os seminarios e as xornadas non se poden recuperar, polo que a cualificación obtida nos mesmos na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo.
3. O portafolios pode recuperarse, polo que o alumnado que non supere o portafolios na oportunidade de xuño terá a ocasión de melloralo para a oportunidade de xullo, conservando sempre as cualificacións dos demás elementos da avaliação.

c) Cualificacións:

1. A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas en cada un dos elementos da avaliação segundo o seu peso respectivo.
2. No caso de non superar algunha das partes de obrigatoria superación da materia, a nota final será a nota da parte non superada.
3. Non realizar as prácticas pedagógicas estando matriculado na materia supón un Non Presentado.

4. No

caso de non presentar o portafolio tendo as prácticas pedagógicas superadas supón obter como máximo a cualificación de suspenso 4.

5. No

caso de que os eventos científicos e/o divulgativos non se realizaran o dez por cento da cualificación asignada a este apartado se sumará ao portafolio.



## Fontes de información

Bibliografía básica	Desarrollo de escuelas inclusivas . Madrid: Narcea. Antúnez, S., Del Carmen, L. M., Imbernón, F., Parcerisa, A., & Zabala, A. (2005). Del proyecto educativo a la programación de aula. Barcelona: Graó. Apple, M. W. (1996). Política cultural y educación. Madrid: Morata. Apple, M. W., & Beane, J. A., (Comps),. (1997). Escuelas democráticas. Madrid: Morata. Bernstein, B. (1989). Clase y pedagogías visibles e invisibles. In J. Gimeno Sacristán & Á. Pérez Gómez (Eds.), La enseñanza: su teoría y su práctica (pp. 54-72). Madrid: Akal Universitaria. Bolívar, A. (2000). Los centros educativos como organizaciones que aprenden. Promesas y realidades. Madrid: La Muralla. Bruner, J. (1987). La importancia de la educación. Barcelona: Paidós. Coll, C., Martín, E., Mauri, T., Miras, M., Onrubia, J., Solé, I., et al. (1993). El constructivismo en el aula. Barcelona: Graó. Edwards, D., & Mercer, N. (1988). El conocimiento compartido: el desarrollo de la compresión en el aula. Barcelona: Paidós. Fernández Enguita, M. (1999). La profesión docente y la comunidad escolar: crónica de un desencuentro. Madrid: Morata. Fernández Enguita, M. (2001). Educar en tiempos inciertos. Madrid: Morata. Fernández Pérez, M. (1994). Las tareas de la profesión de enseñar. Madrid: SXXI. Freire, P. (1985a). La naturaleza política de la educación. Barcelona: Paidós. Freire, P. (1985b). Pedagogía del oprimido. Madrid: Siglo XXI. Gimeno Sacristán, J. (1997). El currículum: una reflexión sobre la práctica. Madrid: Morata. Gimeno Sacristán, J., & Pérez Gómez, Á. I., (Comps),. (1997). Comprender y transformar la enseñanza. Madrid: Morata. Hargreaves, A. (1996). Profesorado, cultura y postmodernidad (cambian los tiempos, cambia el profesorado). Madrid: Morata. Hargreaves, A. (2003). Enseñar en la sociedad del conocimiento. Barcelona: Octaedro. Hernández, S., & Ventura, M. (1992). La organización del currículo por proyectos de trabajo. Barcelona: Graó. Jackson, P. W. (1996). La vida en las aulas. Madrid: Morata. Kemmis, S., & McTaggart, R. (1996). Cómo planificar la investigación-acción. Barcelona: Laertes. Parra Ortiz, J. M. (2010). Manual de Didáctica de la Educación Infantil. Madrid: Gadeta Editorial. Perrenoud, P. (1996). La construcción del éxito y el fracaso escolar. Madrid: Morata. Rodicio García, M. L., & Iglesias-Cortizas, M. J. (2011). El acoso escolar. Diagnóstico y prevención. Madrid: Biblioteca Nueva. Sánchez Blanco, C. (1994a). El desarrollo de actitudes en Educación Infantil. Zaragoza: Edelvives. Sánchez Blanco, C. (1994b). La cooperación en Educación Infantil. A Coruña: Universidad da Coruña. Sánchez Blanco, C. (2000). Dilemas de la educación infantil. Vol. 1. Sevilla: MCEP. Sánchez Blanco, C. (2001). De la educación infantil y su crítica: Reforma, investigación e innovación y formación del profesorado. Vol. 2. Sevilla: MCEP. Sánchez Blanco, C. (2006). Violencia física y construcción de identidades: propuestas de reflexión crítica para las escuelas infantiles. Barcelona: Graó. Sánchez Blanco, C. (2009). Peleas y daños físicos en la educación infantil. Bos Aires: Miño y Dávila. Santos Guerra, M. Á. (1990). Hacer visible lo cotidiano: teoría y práctica de la evaluación cualitativa de los centros escolares. Madrid: Akal. Schön, D. A. (1992). La formación de profesionales reflexivos: hacia un nuevo diseño de la enseñanza y el aprendizaje en las profesiones. Barcelona: Paidós. Stainback, S., & Stainback, W. (2001). Aulas inclusivas: un nuevo modo de enfocar y vivir el currículo. Madrid: Narcea. Steinberg, S. R., & Kincheloe, J. L., (Comps),. (2000). Cultura infantil y multinacionales. Madrid: Morata. Stenhouse, L. (2003). Investigación y desarrollo del currículum. Madrid: Morata. Torres Santomé, J. (2001). Educación en tiempos de neoliberalismo. Madrid: Morata. Torres Santomé, J. (2005). El currículum oculto. Madrid: Morata. Torres Santomé, J. (2006a). Globalización e interdisciplinariedad: el currículum integrado. Madrid: Morata. Torres Santomé, J. (2006b). La desmotivación del profesorado. Madrid: Morata. Trillo, F., & Sanjurjo, L. (2008). Didáctica para profesores de a pie. Propuestas para comprender y mejorar la práctica. Rosario: Homo Sapiens.
Bibliografía complementaria	Cantón, I., (Coord.),. (2009). Narraciones de la escuela. Barcelona: Editorial Davinci. Cantón, I., (Coord.),. (2010). Narraciones de maestros. Barcelona: Editorial Davinci. Diez Navarro, C. (2003). El piso de abajo de la escuela. Barcelona: Graó. McCourt, F. (2005). El profesor. Madrid: Maeva. Pennac, D. (2008). Mal de escuela. Barcelona: Mondadori. Tonucci, F. (1988). Niño se nace. Barcelona: Barcanova. Tonucci, F. (1989). Cómo ser niño. Barcelona: Barcanova. Tonucci, F. (1993). La soledad de los niños. Barcelona: Barcanova. Tonucci, F. (1994). Con ojos de niño. Barcelona: Barcanova. Tonucci, F. (2003). Cuando los niños dicen ¡Basta! Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.

## Recomendaciones



Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndanse os envíos dos traballos telemáticamente, e de non ser posible, nos documentos impresos non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías